

ACTA N° 14/2012

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2012.

ORDE DO DIA

UNICO: Aprobación do complemento das prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no réxime xeral da seguridade social e o persoal laboral en situacións de incapacidade temporal, despois das modificacións introducidas polo real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Señores/as asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros/as:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

D. Víctor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 10 de outubro do 2012, sendo as 20:01 horas, reúnense as persoas sinaladas baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno extraordinario, anunciado para o día de hoxe.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG desculpa a inasistencia das Concelleiras do seu Grupo, Dna. María Martínez Nogueira e Dna. Coral Ríos Santomé. Afirmar que por motivos laborais non puideron acudir a este Pleno.

- UNICO: APROBACIÓN DO COMPLEMENTO DAS PRESTACIÓNS QUE PERCIBA O PERSOAL FUNCIONARIO INCLUÍDO NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E O PERSOAL LABORAL EN SITUACIÓNS DE INCAPACIDADE

TEMPORAL, DESPOIS DAS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS POLO REAL DECRETO LEI 20/2012, DE 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE.

O Sr. Alcalde sinala que se presenta un único punto na Orde do día. O prazo que marcaba o Real Decreto era de tres meses dende a súa publicación. Os traballadores do Concello presentaron unha proposta. Logo de unha reunión a proposta consensuouse na Mesa de persoal. Cumprimos ca legalidade.

(A continuación, o Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta consensuada cos representantes de persoal e ditaminada en Comisión Informativa):

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.- ACORDO PLENARIO EN RELACIÓN Ó COMPLEMENTO DAS PRESTACIÓNS QUE PERCIBA O PERSOAL FUNCIONARIO INCLuíDO NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E O PERSOAL LABORAL EN SITUACIÓN SDE INCAPACIDADE TEMPORAL, DESPOIS DAS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS POLO REAL DECRETO LEI 20/2012, DE 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE.

O art. 9 do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade publicado no BOE núm. 168 de 14/07/2012, (corrección de erros do mesmo publicada no BOE núm. 172 de 19/07/2012), en relación á “*Prestación económica en la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas, organismo y entidades dependientes y órganos constitucionales*”, establece, de xeito textual o seguinte:

(...) “1. *La prestación económica de la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas y órganos constitucionales se regirá por lo dispuesto en este artículo.*

2. *Cada Administración Pública, en el ámbito de sus respectivas competencias, podrá complementar las prestaciones que perciba el personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y el personal laboral a su servicio en las situaciones de incapacidad temporal, de acuerdo con los siguientes límites:*

1. *Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias comunes, durante los tres primeros días, se podrá reconocer un complemento retributivo hasta alcanzar como máximo el cincuenta % de las retribuciones que se vengán percibiendo en el mes anterior al de causarse la incapacidad. Desde el día cuarto hasta el vigésimo, ambos inclusive, el complemento que se pueda sumar a la prestación económica reconocida por la Seguridad Social deberá ser tal que, en ningún caso, sumadas ambas cantidades, se supere el setenta y cinco % de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la incapacidad. A partir del día vigésimo primero, inclusive, podrá reconocerse una prestación equivalente al 100 % de las retribuciones que se vinieran percibiendo en el mes anterior al de causarse la incapacidad.*

2. *Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias profesionales, la prestación reconocida por la Seguridad Social podrá ser complementada, desde el primer día, hasta alcanzar como máximo el cien % de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la incapacidad.”*

En consecuencia, a normativa a aplicar ao persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social, así coma ao persoal laboral, nas situacións de incapacidade temporal é a prevista na normativa xeral da Seguridade Social. Non obstante o artigo 9 do RD Ley 20/12 permite ás Administracións Públicas complementar esa prestación ata as marxes delimitadas no citado Real Decreto, que operan coma límite máximo, diferenciándose ente as situacións de enfermidade común ou accidente non laboral e accidente de traballo ou enfermidade profesional.

Pola súa parte, o apartado 5º do artigo 9 do Real Decreto arriba citado, habilita ás Administracións a opción de determinar, con carácter excepcional e xustificadamente, supostos que permitirían acadar como máximo o cen por cen das retribucións:

“Cada Administración pública podrá determinar, con respecto a su personal, los supuestos que con carácter excepcional y debidamente justificados se pueda establecer un complemento hasta alcanzar como máximo, el cien por cien de las retribuciones que viniera disfrutando en cada momento. A estos efectos se considerarán en todo caso debidamente justificados los supuestos de hospitalización e intervención quirúrgica.”

Á vista do anterior, en sesión da Mesa de Negociación deste Concello celebrada o 08.10.12, acordou de xeito unánime para a súa ratificación en Pleno:

“- Complementar as prestacións que percibe o persoal funcionario e o persoal laboral do Concello de Moaña nas situacións de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e profesionais nos seguintes termos:

Período	Enfermidade común e accidente non laboral	Período	Accidente de traballo e enfermidade profesional
Día 1 a 3	50 % das retribucións do mes anterior á IT	Desde o primeiro día.	100% das retribucións do mes anterior á IT
Día 4 a 20	75 % das retribucións do mes anterior á IT		
Día 21 en adiante	100 % das retribucións do mes anterior á IT		

- Determinar como supostos de carácter excepcional que permitirán acadar como máximo o cen por cen das retribucións que viñera disfrutando o traballador en cada momento, ademais dos dous recollidos de forma expresa no artigo antes citado, os seguintes:

- Hospitalización
- Intervención cirúrxica, hospitalaria ou ambulatoria.
- Lesións, lumbalxias, ciáticas, feridas, mutilacións, intoxicacións
- Deformidades que requiran tratamento específico, domiciliario ou ambulatorio.
- Enfermidades infecciosas, víricas, mentais, crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurábeis.
- Alteracións da mobilidade dos traballadores para cuxa recuperación sexa necesario tratamento específico domiciliario ou ambulatorio.

- Enfermidade intercorrentes (complicacións ou enfermidades que sobreveñen no curso de outra enfermidade).
- Tratamentos ou terapias hospitalarias.
- Procesos oncolóxicos.
- Embarazo ou a interrupción do mesmo.
- Períodos de recuperación ou postoperatorios.

- Creación dunha **Comisión** formada por un membro por cada sindicato, un técnico/a de Recursos Humanos/Prevención de Riscos, unha traballadora social e o concelleiro de Persoal onde se resolverían os casos dubidosos ou que non se atoparan explicitamente incluídos no punto 2. O acordo será tomado por maioría simple.”

Á vista da Disposición Transitoria decimoquinta do Real Decreto-Lei 20/2012 que sinala que as previsións contidas no artigo 9 deberán ser desenvolvidas por cada Administración Pública no prazo máximo de tres meses dende a publicación do Real Decreto Lei, que se levou a cabo o 14 de xullo.

Visto o informe de Secretaría, de data 8 de outubro, e entendendo que os supostos habilitantes da percepción do 100% da prestación aprobados na Mesa de Negociación e recollidos nesta proposta están xustificadas.

Unha vez adoptado acordo da mesa de negociación, e co ditame favorable de esta, por esta Alcaldía-Presidencia elévase ao Pleno por entendela da súa competencia, en concordancia co establecido no art. 22.2 i) da Lei de Bases de Réxime local, e previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Complementar as prestacións que reciba o persoal funcionario e o persoal laboral do Concello de Moaña en cumprimento do establecido no artigo 9 do Real Decreto-Ley 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade publicado no BOE núm. 168 de 14/07/2012 así como na corrección de erros do mesmo publicada no BOE num. 172 de 19/07/2012, nos termos recollidos no acordo adoptado pola Mesa Negociadora.

SEGUNDO.- Estabelecer como supostos de carácter excepcional e sempre que estean debidamente xustificadas, con dereito a acadar o máximo do cen por cen das retribucións que se viñeran disfrutando en cada momento, ademais dos xa establecidos expresamente, os seguintes:

- Hospitalización
- Intervención cirúrxica, hospitalaria ou ambulatoria.
- Lesións, lumbalxias, ciáticas, feridas, mutilacións, intoxicacións
- Deformidades que requiran tratamento específico, domiciliario ou ambulatorio.
- Enfermidades infexxiosas, víricas, mentais, crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurábeis.

- Alteracións da mobilidade dos traballadores para cuxa recuperación sexa necesario tratamento específico domiciliario ou ambulatorio.
- Enfermidade intercorrentes (complicacións ou enfermidades que sobreveñen no curso de outra enfermidade).
- Tratamentos ou terapias hospitalarias.
- Procesos oncolóxicos.
- Embarazo ou a interrupción do mesmo.
- Períodos de recuperación ou postoperatorios.

TERCEIRO.- Crear unha **Comisión** formada por un membro por cada sindicato, un técnico/a de Recursos Humanos/Prevención de Riscos, unha traballadora social e o concelleiro de Persoal onde se resolverían os casos dubidosos ou que non se atoparan explicitamente incluídos no punto anterior. O acordo será tomado por maioría simple.

CUARTO.- A entrada en vigor producirase **con efectos 15 de outubro de 2012**, de conformidade co previsto na Disposición Transitoria decimoquinta do Real Decreto Lei 20/2012, e para aquelas situacións que se produzan a partir de dita data. De acordo co aprobado na Mesa negociadora estes acordos terá unha vixencia de un ano a partir da súa aprobación plenaria, pudiendo nese prazo ser convocada a na Mesa de Negociación por calquera das partes. De non existir denuncia no prazo de un ano entenderase prorrogado automaticamente.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención e Secretaría do Concello, así como ós representantes sindicais e ás administracións competentes, e adoptar os demais trámites oportunos para a súa entrada en vigor.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que non se vai extender moito. Celebramos o consenso acadado entre os sindicatos e o Concello. Agora ben, do que se trata é de evitar o uso fraudulento do sistema de baixas. Hai que partir da gran responsabilidade dos traballadores que conforman a plantilla municipal. Entendo que a fórmula escollida para determinar a gravidade das baixas non é operativa, tendo que actuar ou xustificar ante a comisión os casos de baixa. Outra fórmula podería ser mellor cunha maior exactitude nos partes de baixa.

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Persoal, afirma que está de acordo co Sr. Pastoriza. En calquera caso no Comité falouse de partes de baixa e de que no parte de baixa se xustificase a causa.

O Sr. Pastoriza sinala que o haberá que comprobar a operatividade do sistema. Difícil para o médico.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, solicita que se incorpore á acta do Pleno o informe de Secretaría e pide que quede constancia de que non consta no expediente informe preceptivo da Intervención Municipal, sendo unha materia con implicacións económicas.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a Pleno a proposta consensuada entre representantes de persoal e o Concello de Moaña sobre aprobación do complemento das prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no réxime xeral da Seguridade Social e o persoal laboral en situacións de incapacidade temporal, despois das modificacións introducidas polo Real Decreto Lei 20/2012, aprobándose por dez votos a favor, oito dos

Concelleiros do PP, e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, e cinco abstencións, dos Concelleiros do BNG, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Complementar as prestacións que reciba o persoal funcionario e o persoal laboral do Concello de Moaña en cumprimento do establecido no artigo 9 do Real Decreto-Ley 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade publicado no BOE núm. 168 de 14/07/2012 así como na corrección de erros do mesmo publicada no BOE num. 172 de 19/07/2012, nos termos recollidos no acordo adoptado pola Mesa Negociadora.

SEGUNDO.- Estabelecer como supostos de carácter excepcional e sempre que estean debidamente xustificadas, con dereito a acadar o máximo do cen por cen das retribucións que se viñeran disfrutando en cada momento, ademais dos xa establecidos expresamente, os seguintes:

- Hospitalización
- Intervención cirúrxica, hospitalaria ou ambulatoria.
- Lesións, lumbalxias, ciáticas, feridas, mutilacións, intoxicacións
- Deformidades que requiran tratamento específico, domiciliario ou ambulatorio.
- Enfermidades infexxiosas, víricas, mentais, crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurábeis.
- Alteracións da mobilidade dos traballadores para cuxa recuperación sexa necesario tratamento específico domiciliario ou ambulatorio.
- Enfermidade intercorrentes (complicacións ou enfermidades que sobreveñen no curso de outra enfermidade).
- Tratamentos ou terapias hospitalarias.
- Procesos oncolóxicos.
- Embarazo ou a interrupción do mesmo.
- Períodos de recuperación ou postoperatorios.

TERCEIRO.- Crear unha Comisión formada por un membro por cada sindicato, un técnico/a de Recursos Humanos/Prevención de Riscos, unha traballadora social e o concelleiro de Persoal onde se resolverían os casos dubidosos ou que non se atoparan explicitamente incluídos no punto anterior. O acordo será tomado por maioría simple.

CUARTO.- A entrada en vigor producirase con efectos 15 de outubro de 2012, de conformidade co previsto na Disposición Transitoria decimoquinta do Real Decreto Lei 20/2012, e para aquelas situacións que se produzan a partir de dita data. De acordo co aprobado na Mesa negociadora estes acordos terá unha vixencia de un ano a partir da súa aprobación plenaria, pudiendo nese prazo ser convocada a na Mesa de Negociación por calquera das partes. De non existir denuncia no prazo de un ano entenderase prorrogado automaticamente.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención e Secretaría do Concello, así como ós representantes sindicais e ás administracións competentes, e adoptar os demais trámites oportunos para a súa entrada en vigor.

ANEXO (Informe de Secretaría de data 8 de outubro de 2012):

“INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: Complemento das prestacións do persoal funcionario incluído no réxime xeral da seguridade social e o persoal laboral en situacións de incapacidade temporal, despois das modificacións introducidas Polo Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello de Moaña (Pontevedra), en exercicio das funcións atribuídas polo artigo 172 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento, e atendendo á providencia da Alcaldía de data 5 de outubro de 2012, pola que se require da Secretaría Municipal informe respecto do asunto arriba referenciado, formulo o seguinte **INFORME:**

ANTECEDENTES:

- O Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento de competitividade publicado no BOE núm. 168 de 14/07/2012 (corrección de erros do mesmo publicada no BOE núm. 172 de 19/07/2012), regula entre outros aspectos a: *“Prestación económica en la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas, organismo y entidades dependientes y órganos constitucionales”*. Ademais suspende a os acordos colectivos que contradigan a nova regulación e habilita a cada Administración para desenvolver as previsións no RD Lei contidas.
- O Comité de delegados de persoal remite ao Concello proposta sobre a materia.

COMENTARIO:

- O art. 9 do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento de competitividade publicado no BOE núm. 168 de 14/07/2012, en relación á *“Prestación económica en la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas, organismo y entidades dependientes y órganos constitucionales”*, establece o seguinte:
(...) *“1. La prestación económica de la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas y órganos constitucionales se registrará por lo dispuesto en este artículo.*
2. Cada Administración Pública, en el ámbito de sus respectivas competencias, podrá complementar las prestaciones que perciba el personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y el personal laboral a su servicio en las situaciones de incapacidad temporal, de acuerdo con los siguientes límites:

1. Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias comunes, durante los tres primeros días, se podrá reconocer un complemento retributivo hasta alcanzar como máximo el cincuenta % de las retribuciones que se vengán percibiendo en el mes anterior al de causarse la incapacidad. Desde el día cuarto hasta el vigésimo, ambos inclusive, el complemento que se pueda sumar a la prestación económica reconocida por la Seguridad Social deberá ser tal que, en ningún caso, sumadas ambas cantidades, se supere el setenta y cinco % de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la incapacidad. A partir del día vigésimo primero, inclusive, podrá reconocerse una prestación equivalente al 100 % de las retribuciones que se vinieran percibiendo en el mes anterior al de causarse la incapacidad.

2. Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias profesionales, la prestación reconocida por la Seguridad Social podrá ser complementada, desde el primer día, hasta alcanzar como máximo el cien % de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la incapacidad.”

A este respecto na proposta do Comité, respecto aos límites cuantitativos das prestacións por incapacidade por continxencias comúns e profesionais se axusta aos límites máximos previstos no Real-Decreto Lei durante as distintas fases da baixa. Opción lexítima posto que aínda que nos máximos respecta os límites previstos no Real Decreto-Lei respecto dos prazos e contías.

Asemade o artigo 5 do Real Decreto arriba citado, establece, de xeito textual unha serie de supostos excepcionais onde se pode aplicar a percepción dunha prestación do 100% das retribucións do mes anterior á incapacidade:

“Cada Administración pública podrá determinar, con respecto a su personal, los supuestos que con carácter excepcional y debidamente justificados se pueda establecer un complemento hasta alcanzar como máximo, el cien por cien de las retribuciones que viniera disfrutando en cada momento. A estos efectos se considerarán en todo caso debidamente justificados los supuestos de hospitalización e intervención quirúrgica.”

Á vista do anterior, cabe por cada Administración, determinar supostos de carácter excepcional que permitirán acadar como máximo o cen por cen das retribucións que viñera disfrutando o traballador en cada momento, ademais dos dous recollidos de forma expresa no artigo citado, prevé un largo listado de excepcións, entre outros se recollen os dous supostos recollidos expresamente no Real Decreto Lei. A este respecto cabe valorar se se poderían fixar, como supostos excepcionais, supostos tan xenéricos coma os casos de lesións (sen maior precisión) ou enfermidades víricas ou infecciosas, o que pode modificar o espírito de recollido neste artigo, posto que o que se prevería como supostos excepcionais, que darían dereito ao 100% da prestación, practicamente pasaría a ser o suposto xeral, atendendo ao número de excepcións previstas e ao carácter xenérico de algunha delas, como pode ser o caso de accidentes sen maior especificación, enfermidades mentais, infecciosas ou víricas, feridas... Igualmente introduce supostos específicos que non son propios de unha incapacidade temporal xenérica, como pode ser o caso da maternidade ou paternidade, con permisos específicos.

- Prevése a creación de unha comisión de avaliación onde “*se resolverían os casos dubidosos ou que non se atoparan explicitamente incluídos*” na relación de casos excepcionais onde cabería retribuír o 100% conforme ao sinalado no parágrafo anterior. A este respecto, entende este informante que desta forma se introduce unha marxe de discrecionalidade na valoración abrindo ademais a opción de incluír casos non previstos explicitamente entre as excepcións, deixando en mans da citada comisión a determinación das prestacións a percibir polos traballadores nos casos de incapacidade temporal.

- Respecto ao prazo previsto para a adopción de acordo respecto destas prestacións en caso de IT a Disposición transitoria decimoquinta do Real Decreto Lei sinala:

*“Las previsiones contenidas en el artículo 10 relativas a las prestaciones económicas en la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas acogido al Régimen General de la Seguridad Social serán desarrolladas por cada Administración Pública en el **plazo de tres meses desde la publicación de este Real Decreto-ley, plazo a partir del cual surtirá efectos en todo caso.**”*

A Disposición final decimoquinta do Real Decreto Lei fixa como data de entrada en vigor a do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado. Téndose publicado no BOE do 14 de xullo de 2012, o prazo remata o 15 de outubro de 2012. No caso de que non se adoptase acordo polo Concello, entraría automaticamente en aplicación as previsións do RD Lei de acordo con este artigo.

- Respecto da competencia para a adopción destes acordos, entende este informante que se suxeita á competencia plenaria atendendo ao disposto no artigo 22 da LRBRL e por ser materia regulada tanto no Acordo Marco do eprsoal funcionario coma no Convenio de persoal laboral do Concello de Moaña.

CONCLUSIÓNS

Na proposta remitida polo Comité de persoal de Delegados do Concello recóllese un complemento das prestacións do persoal do Concello en situacións de incapacidade temporal, ao abeiro do previsto no RD Lei 20/2012, de 13 de xullo. A proposta se encadra nos límites legais determinados por este RD Lei en canto a porcentaxes das retribucións a percibir nos distintos prazos da incapacidade. É facultade das partes a negociacións dos termos concretos, dentro destes límites máximos. Polo que respecta ás excepcións incluídas na proposta do Comité reseñar o carácter xenérico de varios dos supostos entende este informante que non se circunscribe a un réxime de excepcionalidade, ademais da inclusión de algún suposto non encadrable nunha incapacidade temporal nos casos de permisos de paternidade e maternidade. Polo demais remitiría a valoración de supostos a unha comisión que tería capacidade decisoria na materia o que habilita unha marxe de discrecionalidade complexo e de difícil articulación.

O órgano competente e o Pleno Municipal e o prazo para a adopción deste acordo remata o 15 de outubro de 2012.

Este é o meu informe, sen prexuízo de outro mellor fundado.

Moaña, 8 de outubro de 2012.

O SECRETARIO”.

Rematados os asuntos incluídos na Orde do día, o Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vinte horas e cincoenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO